

NOME CIENTÍFICO

Picea abies

Descrición:

Trátase dunha conífera de folla perenne que pode acadar unha altura de 30-50 metros e un diámetro de tronco de en torno a 1 ou 2 metros. É característica desta especie a forma da súa copa que é unha pirámide moi regular.

As pólas crecen de forma perpendicular ao tronco, excepto na copa onde se dispoñen de forma ascendente.



105

Familia: Pinaceae

Orixe: Centro e leste de Europa

Nome común: Falso abeto



106

As súa piñas son colgantes e de forma ovoide.



107

As follas son aciculares e de cor verde escuro.

Picea abies

Hábitat

Nativa dos bosque do norte, este e centro de Europa, tendo como límite norte o ártico, nos 70° de latitude norte. O seu límite oriental se situaría nos monte Urais, máis aló desta cadea montañosa é difícil de determinar a súa distribución xa que hibrida doadamente con outras especies de piceas.

Usos ou propiedades

Ten un uso ornamental moi marcado. É unha das especies de árbore máis cultivadas do mundo e é moi doada atopalo en parques e xardíns. No referente a este punto cabe destacar que *Picea abies*, é utilizada como árbore de Nadal en multitude de lugares. Ao tratarse dunha madeira moi fácil de traballar, é moi apreciada para a fabricación de instrumentos musicais. Como dato curioso, destacar que os famosos violíns Stradivarius, foron elaborados con madeira desta árbore.

Categoría IUCN

Preocupación menor (LC)

Curiosidades

Científicos da universidade de Ulmea (Suecia) descubriron un exemplar de picea duns 9550 anos de antigüidade (datación realizada a partir do seu sistema radicular). Considérase a árbore viva máis antiga do mundo. Cada ano por Nadal, a cidade de Oslo regala un gran exemplar desta especie, para ser utilizada como árbore de Nadal, ás cidades de Nova York, Londres, Washington e Edimburgo como agradecemento pola axuda prestada a Noruega por eses países durante a Segunda Guerra Mundial.